

# MEMORIAS DO CANAL BCP (152.H00)

## 1. Memoria do GT

### **1.1.- Resumo do Traballo do GT: orientación e obxectivos; actividades finalmente realizadas polo grupo. Palabras clave (até 7). (10 liñas).**

A orientación inicial do noso grupo era a de servir como recabadores de material audiovisual que puidera ser útil para a labor dos outros grupos, así como a xestión e categorización de todo o material audiovisual que ía entrando ao blogue. O enfoque cambiou ao vermos que non era factible manter ese traballo no longo prazo, co cal decidimos adicar os seguintes posts a ampliar a materia dada nas aulas. Posteriormente, coa intención de dotar ao noso traballo dunha maior coherencia e fomentar tamén a interacción cos outros grupos dándolles unha liña temática que seguir, decidimos centrar os post en teorías epistemolóxicas latinoamericanas. O grupo realizou traballo nestes 3 aspectos, ademáis dos making of, debates e streamings.

**Palabras clave:** xestión, categorización, audiovisual, making of, axuda técnica, recursos, enlaces.

### **1.2.- Resumo sobre a organización de grupo diante do traballo (Roles e clara explicación de como se traballou para conseguir obxectivos. Técnicas empregadas. Obstáculos atopados. Distribución de tempos das tarefas).**

Como se comentaba no punto anterior, poderíase dicir que o noso traballo tivo 3 eixos fundamentais que requeriron de organizacións diferentes.

Na primeira parte, a do apoio con material audiovisual, dividímonos os grupos da asignatura entre 5 que formamos o Canal BCP e organizamos o intercambio de material cos outros grupos seguindo as datas de publicación estipuladas no noso calendario. En certo momento, decidimos pasar esta actividade aos comentarios, xa que así era moito máis efectivo, porque os grupos recibían o material audiovisual no momento en que publicaban os seus posts e non tiñan que estar pendentes do momento en que facíamos nós as publicacións. Con isto, a nosa actividade principal no blogue pasou a adicarse á ampliación da materia dada na clase, coa idea de aportar axuda aos grupos nas dúas fronteas (as aulas e mais as asociacións), pero atopámonos co problema de que había certa falta de coherencia entre as publicacións, xa que ao seren publicación moi dispares entre sí, non había unha liña temática que

invitase ao resto de compañeiros a seguir o noso traballo, nin fomentaba tampouco o interese neste aspecto. A solución que lle procuramos a este problema foi a de buscar unha liña temática que os compañeiros puidesen seguir se cadra con algo máis de interese, polo que decidimos centrarnos fundamentalmente en latinoamérica.

A pesar destes xiros e cambios de enfoque, seguíamos tendo un problema que se cadra tardamos algo de máis en caer na conta de a qué se debía: o tema dos comentarios. Como o resto de grupos xa tiña establecidos acordos con outros grupos, de temática similar e nós non casabamos con ningún grupo neste aspecto (ademáis de que moitas publicacións cadraban xusto antes da fin de semana, o cal limitaba a posibilidade de que houberse comentarios) pois non recibimos apenas comentarios nas nosas publicacións. A solución a este problema foi, aproveitando que realizamos os making of dalgúns grupos, proxectar estes making en clase e establecer un debate coas conclusións que sacamos deles. Deste xeito puidemos ademáis, dar a coñecer un pouco mellor entre a clase as actividades que realizaban os compañeiros e tamén conseguir ese feedback que non estivera presente nos nosos post do blogue.

Os roles que tivemos cada un durante o traballo foron totalmente equitativos, é dicir, dividíamo-lo traballo en partes iguais e cada un facía exactamente o mesmo que o seu compañeiro, pero con respecto a un grupo de traballo diferente. Isto foi así tanto na publicación dos post coma tamén na actualización dos contidos do Canal BCP. Dado que os obxectivos do grupo eran bastante inmateriais, por así dicilo. O noso labor foi nun principio de apoio e nun final de visibilización e promoción dos outros grupos, polo que non había necesidade de establecer unha xerarquía nin unha distribución especial dentro do grupo, xa que as actividades se realizaban en bloque (cada quen facía o mesmo simultaneamente, en cada unha das fases).

O tempo no noso traballo era un factor extremadamente variable. No que se refire a actualización dos contidos do Canal BCP todo dependía da cantidade de material que se subira nese día ao blogue; asimesmo, a gravación dos Making of e os tempos de documentación tamén variaron moito. De facer unha distribución porcentual entre o tempo de documentación (posts), Making of e xestión do canal sería un 60-30-10.

### 1.3.- Rexistro-itinerario (dietario) de accións emprendidas (da acción máis nova á máis vella: datar cada unha delas).

- 5 de maio – Martín:** Actualización da páxina do Canal BCP; incorporación de buscador.
- 29-30 de abril –** Proxección, streaming e debate dos making of.
- 27 de abril –** Posta en común das preguntas para o debate, discusión sobre o decálogo e organización da memoria.
- 26 de abril – Pedro:** Comentario no post *Corta pero intensa historia* (17 de abril).
- 25 de abril – Pedro:** Comentarios nos posts *COGAMI*, *REGAKI* y *Aurora* (13 de marzo) e *COGAMI en Pontevedra* (27 de marzo).
- 24-25 de abril – Jorge:** Edición e montaxe dos making of dos grupos 151.B00 e 152.A00.
- **Pedro:** Edición e montaxe dos making of dos grupos 151.F00 e 151.H00.
- 22-23 de abril – Jorge:** Gravación dos making of para os grupos 151.B00 e 152.A00.
- 22 de abril – Jorge:** Comentarios nos posts *As ideas hexemónicas* (10 de abril), *O pesimismo de Milgram e Zimbardo* (20 de marzo) e *Psicoloxía social* (6 de marzo).
- 17 de abril – Jorge:** Comentarios nos posts *O barrio neoiorquino “Chelsea”, ou tamén coñecido como “Little Spain”* (16 de abril), *“Una mujer tiene que estar donde ella quiera”* (16 de abril) e *No es más que un “hasta luego”, no es más que un breve “adiós”* (17 de abril).
- **Martín:** Post individual *Una última pregunta*.
- 16 de abril – Paula:** Post individual *“Literatura y periodismo”, Albert Chillón y el lenguaje*.
- **Paula:** Edición e montaxe dos making ofs dos grupos 152.C00 e 152.D00.
- **Martín:** Gravación dos making of para os grupos 151.A00 e 152.B00.

- **Pedro:** Gravación do making of para o grupo 151.F00.
- 15-19 de abril - Noelia:** Edición e montaxe dos making ofs dos grupos 151.E00 e 152.E00.
- 15 de abril - Noelia:** Post individual *Teoría del Buen Vivir*.
- **Pedro:** Gravación do making of para o grupo 151.H00.
- 14-15 de abril - Noelia:** Entrevista aos grupos 151.E00 e 152.E00 para os making of.
- **Paula:** Gravación dos making ofs dos grupos 152.C00 e 152.D00.
- 14 de abril – Pedro:** Comentarios nos posts *Arturo Reboiras: “Los medios son objetivos”* (14 de abril), *Micromachismos* (14 de abril) e *Obstáculos del periodismo: informar sin información* (14 de abril).
- 13 de abril – Jorge:** Comentario no post *A historia e Miguel Littín* (20 de febreiro).
- 12 de abril – Paula:** Comentarios nos posts *Una dosis de realidad* (8 de abril), *De ciencia, sociedade e xornalistas* (9 de abril), *De incoherencia grupal: a vueltas con UDIPRE* (10 de abril) e *A emigración galega: onte e hoxe* (10 de abril).
- 10 de abril – Martín:** Comentarios nos posts *Ariadna: “Hay gente que piensa que una mujer no puede ser tan cañera como un hombre porque tienden a ser más delicadas y dulces”* (9 de abril), *Los no escuchados* (9 de abril) e *Carlos Neira (analista político): “A solución ao xornalismo actual pasa por regular os medios de comunicación”* (10 de abril).
- **Jorge:** Post individual *As ideas hexemónicas*.
- 8 de abril – Noelia:** Comentarios nos posts *Tejiendo redes* (7 de abril), *Cando a información ten un prezo* (7 de abril) e *La importancia de la radio* (8 de abril).
- **Paula:** Realización dunha enquisa a pé de rúa co grupo 152.D00.
- 7 de abril – Pedro:** Post individual *La comunicación para el desarrollo*.

- 27 de marzo – Jorge:** Comentarios nos posts *¿La ficción supera la realidad?* (26 de marzo), *Xa é hora de que se vexa o que facemos* (27 de marzo) e *Teletón México* (26 de marzo).
- **Martín:** Post individual *Comunicación y desarrollo*.
- 26 de marzo – Paula:** Post individual *Comunidad Vs. Sociedad, de Ferdinand Tönnies*.
- **Martín:** Gravación da entrevista a Laura Darriba, alumna da Facultade de Filosofía. O vídeo foi publicado no blog por Roberto Fumega (151.A05) día 27 baixo o título *Filosofía e Feminismo*.
  - **Jorge:** Gravación da entrevista a Yolanda Casal, xornalista de El Correo Gallego, por Tania Brandariz (151.B01), Sofía Caamaño (151.B02) e Pablo Casas (151.B03). Seccións deste vídeo aparecen no making of do grupo 151.B00.
- 25 de marzo –** Post grupal *El pensamiento de Paulo Freire*.
- **Noelia:** Post individual *Biopolítica de Antonio Negri*.
- 24 de marzo – Pedro:** Comentario no post *Cine e teatro: caricaturas da nosa Emigración* (24 de marzo).
- 20 de marzo – Jorge:** Post individual *O pesimismo de Milgram e Zimbardo*.
- 19 de marzo – Noelia:** Comentarios nos posts *Estereotipos sexistas en los medios* (16 de marzo), *Y entonces llegó la televisión* (18 de marzo) e *Representación social de la discapacidad* (18 de marzo).
- 17 de marzo – Pedro:** Post individual *Historia de vida*.
- 13 de marzo – Martín:** Post individual *Sumak Kawsay para todos*.
- **Martín:** Edición de videos para o post *Sumak Kawsay para todos*, publicado o mesmo día.
- 12 de marzo – Paula:** Post individual *Conocer a Sluzki y ahondar en las redes sociales*.
- **Pedro:** Participación no debate sobre a película *Ace in the Hole*, realizada por Billy Wilder.

- **Jorge:** Participación no debate sobre o texto *Internet, virtualidad y comunidad*, de Ignacio Siles.

**11 de marzo - Noelia:** Post individual *Redes sociales y comunicación interpersonal*.

- Post Grupal *Making Off*.

- **Jorge:** Participación no debate sobre o texto *¿Qué es la crítica?*, de Judith Butler.

**10 de marzo - Noelia:** Reunión co grupo 152.E00.

- **Pedro:** Comentarios nos posts *Alberto Varela: “Los Medios llevan meses de precampaña ante las elecciones”* (10 de marzo), *“Empoderando a las mujeres, empoderando a la realidad. ¡Imagínalo!”* (10 de marzo) e *O xerme que sementou Baden-Powell* (10 de marzo).

- **Noelia:** Participación no debate sobre a película *The Visitor*, realizada por Thomas McCarthy.

**9 de marzo - Paula :** Participación no debate sobre a película *La dignidad de los nadie*s, realizada por Fernando E. Solanas.

**7 de marzo - Paula:** Entrevista cos membros da radio Cuac FM co grupo 152.C00.

**6 de marzo - Noelia:** Gravación de material para o making of e toma de fotografías para o grupo 151.E05.

- **Martín:** Comentarios nos posts *O mundo da saúde mental* (5 de marzo), *Otra visión de la historia del rock* (5 de marzo) e *¿La necesidad de ser premiados?* (6 de marzo).

- **Jorge:** Post individual *Psicología social*.

**5 de marzo - Paula:** Comentarios nos posts *“Dende a prudencia, coído que o futuro vai ir pola especialización e a profundidade na información”* (5 de marzo), *A nosa primeira rolda de prensa* (5 de marzo) e *Medios rurais – Revistas agrarias* (5 de marzo).

- **Paula:** Rolda de prensa no Parlamento Galego co grupo 152.C00.

- **Pedro:** Participación no debate sobre a película *Nebraska*, realizada por Alexander Payne.

– **Noelia:** Participación no debate sobre a película *Stories We Tell*, realizada por Sarah Polley.

**4 de marzo – Noelia:** Comentarios nos posts *Ni tan buenos, ni tan malos* (4 de marzo), “*Cuando hay una inundación, lo primero que escasea es agua potable*” (3 de marzo) e *Investigacións que non chegan á sociedade* (4 de marzo).

– **Martín:** Participación no debate sobre o texto *Espistemologías del Sur*, de Boaventura de Sousa Santos.

**3 de marzo – Pedro:** Post individual *Nuevas formas de hacer periodismo*.

- **Paula:** Participación no debate sobre o texto *La objetividad como ritual estratégico*, de Gaye Tuchman.

– **Noelia:** Participación no debate sobre o texto *Los imaginarios sociales en la comunicación interpersonal*, de Salvador Moreno.

**2 de marzo – Pedro:** Participación no debate sobre o texto *Los cínicos no sirven para este oficio*, de Ryszard Kapuściński.

**27 de febreiro - Noelia:** Gravación de material para o making of, toma de fotografías e entrevista do grupo 151.E05.

– **Martín:** Post individual *Xuntarse, moverse, chegar*.

**26 de febreiro - Paula:** Participación no debate sobre a película *La société du spectacle*, realizada por Guy Debord.

– **Paula:** Post individual *La realidad de las radios comunitarias o “el tercer sector”*.

– **Martín:** Participación no debate sobre a película *Born Into Brothels: Calcutta's Red Light Kids*, realizada por Zana Briski e Ross Kauffman.

**25 de febreiro –** Post grupal *A dimensión humana*.

– **Noelia:** Post individual *Aproximación al concepto de educomunicación*.

– **Jorge:** Participación no debate sobre a película *Caro Diario*, realizada por Nanni Moretti.

**24 de febreiro – Pedro:** Comentarios nos posts *¿Cómo es una casa familia?* (24 de febreiro), *Un poco de “A Kalimera”* (24 de febreiro) e *“O escultismo? Algo relacionado coa escultura, non?”* (24 de febreiro).

– **Martín:** Participación no debate sobre a película *Local Hero*, realizada por Bill Forsyth.

**21 de febreiro - Pedro:** Gravación de material para making of do grupo 151.H00.

**20 de febreiro – Martín:** Comentarios nos posts *Galegofobia* (20 de febreiro), *Olvidémonos del soporte y centrémonos en el contenido* (19 de febreiro) e *Conocer para prevenir* (20 de febreiro).

– **Jorge:** Post individual *A historia de Miguel Littín*.

- **Martín:** Gravación do videotutorial sobre a utilización do Canal BCP.

– Creación do Canal BCP e deseño do logotipo e das categorías, asignación de grupos de traballo e inicio da administración do blog do Canal BCP.

**19 de febreiro – Paula:** Comentarios nos posts *Olvidémonos del soporte y centrémonos en el contenido* (19 de febreiro), *É obxectiva a nosa realidade?* (19 de febreiro) e *Situación periodística actual* (19 de febreiro).

**18 de febreiro – Noelia:** Comentarios nos posts *Medios comunitarios – Historia Filispim* (18 de febreiro), *Vídeo asociación Itinera* (18 de febreiro) e *El drama del chef que no sabía cocinar* (18 de febreiro).

**17 de febreiro – Pedro:** Post individual *Os presentamos al grupo de vídeo*.

**1.4.- Pequeno test ao traballo (máx. 1 parágrafo de 10 liñas por pregunta).**

**1.4.1.- Estimación sobre os procedementos levados a cabo (reflexividade).**

Dende o primeiro momento tivemos que analizar un gran número de material audiovisual así como textos, libros, ensaios... sobre os diferentes temas que se estaban a tratar na aula, ben da asignatura ou ben en relación co resto de traballos dos noso

compañeiros. Isto permitiunos poder ofrecer coñecementos e explicacións a maiores nos nosos posts (individuais e grupais) que sempre acompañábamnos dalgún breve vídeo a modo de resumo. Nos posts individuais cada integrante do grupo traballaba pola conta sobre un tema previamente seleccionado pola totalidade dos membros mentres que nos post grupais reuniamonos e discutíamos diferentes puntos de vista que quedaban plasmados na entrada. Por outra parte tamén nos organizamos para a creación do Canal BCP así como de alimentalo e crear actividades como o último debate no que se proxectaron os makings off.

#### **1.4.2.- Estimación sobre o seguemento e fases do tema nos post do grupo (non só grupais) e interese dos compañeiros da aula.**

Os nosos post non se centaron nun so tema se non mais ben que intentaron servir para explicar en profundidade os temas tratados na aula e relacionados coa comunicación interpersonal e comunitaria. Quizais por esto de non ser un tema propiamente dito a acollida por parte dos compañeiros non foi a esperada e tivemos que contar cunha actividade de debate a maiores para recoller as súas opinións. Nesta actividade a acollida foi moi sobresaínte xa que case toda a clase participou e permitiunos elaborar unha serie de opinións dos nosos compañeiros tamén sobre o noso traballo. Cabe destacar que os compañeiros sí mostraron interese a hora de axudas para a realización de vídeos no seu traballo.

#### **1.4.3.- Estimación sobre a vinculación do tema cos temas e conceptos vistos e entregados polo profesor na aula (relación e apropiación de coñecementos; uso dos apuntamentos e lecturas).**

O noso tema inclúese a perfección neste apartado xa que moitos dos posts aumentan os conceptos impartidos na aula. Por isto tivemos que indagar en temas sobre a biopolítica e biopoder, as epistemoloxías do sur, ideas hexemónicas, o bo vivir, comunicación para o desenvolvemento...

#### **1.4.4.- Resultados e/ou procesos acadados polo grupo. Valoración. Relación entre os procesos realizados. Actividade de visibilización.**

O principal co que nos quedamos todo o grupo á a cantidade de información nova sobre temas que só coñecíamos de oídas nas clases e outros que, aínda que nos interesaban, nunca buscáramos

en profundidade. Ademáis, ao estar moi implicados no traballo audiovisual da asignatura aprendemos técnicas que nos poden axudar para futuros traballos.

Ao mesmo tempo levamos sempre a cabo unha actividade de visibilización hacia os outros grupos grazas ao canal BCP, blog ligado ao blog principal da asignatura, no que traballábase almacenando os contidos audiovisuais de todos os grupos así como incluíndo o traballo propio. Para finalizar co noso traballo realizamos a actividade dos debates que levábase traballando con algúns grupos dende o comezo e a que acudiron tamén todos os demais.

## **1.5.- Materiais (sen número de páxinas):**

### **1.5.1.- Bibliografía e referencias consultadas (citar en sistema APA 6, e comentar breve- 4 liñas- cada libro ou material relevante).**

Aparici, R., & Covi Druetta, D. (2010). *Educomunicación*. Barcelona: Gedisa.

*Este libro aborda temáticas vinculadas á relación entre a comunicación e a educación no contexto da cultura dixital, ofrecendo unha práctica de ambas as dúas dimensións baseada no diálogo e a participación.*

Barranquero, A. (2010). Comunicación Participativa y Educación en Medios. Implicaciones del concepto de prealimentación (“feed-forward”) de Mario Kaplún. *Universidad Autónoma de Barcelona, Gabinete de Comunicación y Educación*. Recuperado de:

<http://www.gabinetecomunicacionyeducacion.com/files/adjuntos/Comunicaci%C3%B3n%20participativa%20y%20educaci%C3%B3n%20en%20medios.%20implicaciones%20del%20concepto%20de%20prealimentaci%C3%B3n%20%28feed-forward%29%20de%20Mario%20Kapl%C3%BA.pdf>

*Empregado para a elaboración do post “La comunicación para el desarrollo”. Desta fonte aproveitouse unha cita textual.*

Beltrán, L., Chaparro Escudero, M., & Barranquero, A. (2014). *Comunicología de la liberación, desarrollismo y políticas públicas*. Girona: Luces de Gálibo.

*Supón unha proposta de comunicación para o desenvolvemento que persiga a democratización real e o recoñecemento a unha vida en igualdade de dereitos, revisando as estratexias de comunicación en países en vías de desenvolvemento.*

Bill Forsyth. *Local Hero*. (1983). Escocia.

*Plásmase a anteposición do ser humano do seu traballo á realidade e do diñeiro a todo o demais, o que leva a transformar en virtuais as súas relacións que permite establecer a diferenciación entre asociación e comunidade.*

Charles Chaplin. *Tiempos modernos*. (1936). Estados Unidos. *Chaplin presenta unha alegación fronte á deshumanización do traballador producido pola máquina e a forma intensiva de organización do traballo propia da Revolución Industrial e que diferencia á asociación da comunidade*

Chillón, L., & Vázquez Montalbán, M. (1999). *Literatura y periodismo*. Bellaterra: Universitat Autònoma de Barcelona, Servei de Publicacions.

*O autor presenta nesta obra a linguaxe como instrumento de expresión e expón as teorías de toma de conciencia lingüística que equiparan o pensamento á linguaxe.*

Contreras, A. (2000). Comunicación-desarrollo para otro occidente. *Razón y palabra*, 18. Recuperado de: <http://www.razonypalabra.org.mx/anteriores/n18/18acontreras.html>

*Empregado para a elaboración do post “La comunicación para el desarrollo”. Desta fonte aproveitouse unha cita*

*textual. Crovi Druetta, D., López Cruz María de los Ángeles, & López González, R. Redes sociales. Este libro recolle a orixe, a evolución e as achegas realizadas por diversas disciplinas ao concepto das redes sociais, e discútese a aplicación social e académica destas.*

Eriano, V (2007). *Causas del ausentismo ciudadano en el Presupuesto Participativo municipal desde un enfoque de comunicación para el desarrollo. Tesis de Licenciatura, UAP, Lima.* Recuperado de:

<http://www.monografias.com/trabajos-pdf2/ausentismo-ciudadano-presupuesto-participativo-municipal/ausentismo-ciudadano-presupuesto-participativo-municipal.pdf>

*Fíxose unha cita textual no post “La comunicación para el desarrollo”, tamén empregouse o contido da tese para a documentación necesaria para a elaboración do post.*

Freire, P. (1970). *Pedagogía del oprimido. Nueva York: Herder y Herder.*

García-García, J. (2013). Transformaciones en el Tercer Sector: el caso de las radios comunitarias en España. *Adc*, 2013(5), 111-131. doi:10.6035/2174-0992.2013.5.8. Recuperado de <http://repositori.uji.es/xmlui/bitstream/handle/10234/66635/90-204-1-PB.pdf?sequence=1>

*Este artigo fai unha reflexión sobre a evolución das radios comunitarias en España e usouse para ampliar a información ao grupo que traballaba sobre este tema.*

Hardt, M., & Negri, A. (2002). *Imperio. Barcelona: Paidós.*

*Trátase a nova orde da globalización mostrando ata que punto este é fundamentalmente diferente do imperialismo propio da dominación europea e da expansión capitalista característicos doutras épocas.*

Martínez-Salanova Sánchez, E. (2010). Paulo Freire. Pedagogo de los oprimidos y transmisor de la pedagogía de la esperanza. Recuperado del sitio de internet de Universidad de Huelva, Portal de la Educomunicación:

[http://www.uhu.es/cine.educacion/figuraspedagogia/0\\_paulo\\_freire.htm](http://www.uhu.es/cine.educacion/figuraspedagogia/0_paulo_freire.htm)

*Empregado para a elaboración do post grupal “El pensamiento de Paulo Freire”. Esta fonte aporta información básica para a comprensión do pensamento do sociólogo Paulo Freire, sobre o que xira o contido do post.*

McCall, E. (2011). Comunicación para el desarrollo. Fortaleciendo la eficacia de las Naciones Unidas. *Organización de las Naciones Unidas para la Educación, la Ciencia y la Cultura*. Recuperado de: [http://www.unesco.org/new/fileadmin/MULTIMEDIA/HQ/CI/CI/pdf/communication\\_form\\_development\\_oslo\\_c4d\\_pda\\_es.pdf](http://www.unesco.org/new/fileadmin/MULTIMEDIA/HQ/CI/CI/pdf/communication_form_development_oslo_c4d_pda_es.pdf)

*Empregado para a elaboración do post “La comunicación para el desarrollo”. Desta fonte aproveitouse unha cita textual.*

Ojokheta, K (2007). La metodología de Paulo Freire para la enseñanza de la alfabetización. *Educación para adultos*.

*Empregado e citado no post grupal “El pensamiento de Paulo Freire”. Este texto expón de forma clara e sinxela as fases do método de enseñanza da alfabetización, que forma parte das teorías sociolóxicas de Paulo Freire.*

Peraldo, J. (2015). *El arte del relato: entre la ficción y la realidad, siempre*. [Pendentedemigracion.ucm.es](http://pendientedemigracion.ucm.es). Recuperado de [http://pendientedemigracion.ucm.es/info/emp/Numer\\_06/6-5-Bibl/6-5-06.htm](http://pendientedemigracion.ucm.es/info/emp/Numer_06/6-5-Bibl/6-5-06.htm)

*Este artigo resume a obra de Albert Chillón, *Periodismo e literatura* e empregouse como material adicional no post sobre o devandito autor*

Sluzki, C. (1996). *La red social*. Barcelona: Gedisa.

*O contido deste libro foi tratado na aula para expoñer a teoría das redes sociais e realizar unha práctica ao respecto; ademais, foi empregado como material complementario na elaboración do post sobre este tema.*

Sousa Santos, B. de (2010). Introducción: Las epistemologías del sur. *Boaventuradesousasantos.pt*. Recuperado de:

[http://www.boaventuradesousasantos.pt/media/INTRODUCCION\\_BSS.pdf](http://www.boaventuradesousasantos.pt/media/INTRODUCCION_BSS.pdf)

*Empregado no post “As ideas hexemónicas” como fonde documental coa que explicar as teorías do sociólogo Boaventura de Sousa Santos.*

Tönnies, F., Gurrutxaga Abad, A., & Ivars, J. (2011). *Comunidad y asociación*. Madrid: Biblioteca Nueva.

*Trátase a diferenciación entre comunidade e asociación no contexto dos cambios sociais da Revolución Industrial e insístese na necesidade de restablecer o espírito da comunidade baixo esta nova forma da sociedade avanzada.*

YouTube,. (2012). *D.I.Y. or DIE - Cómo sobrevivir como artista independiente*. Recuperado de

[https://www.youtube.com/watch?v=\\_0wOlySL8lo](https://www.youtube.com/watch?v=_0wOlySL8lo)

*Este vídeo fai referencia ao termo "Doit yourself" que foi tratado nun post sobre a importancia dos grupos de autoxestión como maiores transmisores de ideas e culturas do panorama social.*

YouTube (2012). “paulofreire”. Recuperado de:

<https://www.youtube.com/watch?v=Uixem8Hah6U>

*Este vídeo empregouse no post grupal “El pensamiento de Paulo Freire”. Trátase dun documento audiovisual da ponencia de Paulo Congreso Internacional de Nuevas Perspectivas Críticas en Educación, celebrado en xulio de 1994 en Barcelona.*

YouTube (2012). “Última entrevista a Paulo Freire. Traducida y subtitulada al español. Parte 1/2”. Recuperado de:

<https://www.youtube.com/watch?v=yPtBrZ9V890>

*Aportado no post grupal “El pensamiento de Paulo Freire”. No vídeo podemos ver a Paulo Freire explicando as bases do seu pensamento e os seus desexos para Brasil no futuro.*

YouTube (2012). “Última entrevista a Paulo Freire. Traducida y subtitulada al español. Parte 2/2”. Recuperado de:  
<https://www.youtube.com/watch?v=WcFnGjbuyT0>

*Aportado no post grupal “El pensamiento de Paulo Freire”. No vídeo podemos ver a Paulo Freire explicando as bases do seu pensamento e os seus desexos para Brasil no futuro.*

YouTube (2009) “Marshall McLuhan - The World is a Global Village (CBC TV)”  
Recuperado de: <https://www.youtube.com/watch?v=HeDnPP6ntic>

*Empregado no post “As ideas hexemónicas” como peza fundamental na que se basa o contido do post, que explica as ideas do canadiense Marshall McLuhan.*

--,. (2015). *Teoría del buen vivir, la ecología política y la economía ecológica*. Recuperado de [https://youtu.be/XgyLjy\\_xc8c](https://youtu.be/XgyLjy_xc8c)

*No seguinte vídeo Florent Marcellesi, coordinador de ecopolítica, explica a teoría do bo vivir e foi empregado nun post no que se facía referencia a este concepto.*

### **1.5.2.- Enlaces recabados comentados.**

Barbara L. Fredrickson, G. (2003). What Good Are Positive Emotions in Crises? A Prospective Study of Resilience and Emotions Following the Terrorist Attacks on the United States on September 11th, 2001. *Journal Of Personality And Social Psychology*, 84(2), 365. Recuperado de <http://www.ncbi.nlm.nih.gov/pmc/articles/PMC2755263/>

Barbara L. Fredrickson, G. (2003). What Good Are Positive Emotions in Crises? A Prospective Study of Resilience and

Emotions Following the Terrorist Attacks on the United States on September 11th, 2001. *Journal Of Personality And Social Psychology*, 84(2), 365. Recuperado de <http://www.ncbi.nlm.nih.gov/pmc/articles/PMC2755263/>

Ecoosfera,. (2013). *Estas son las marcas de cosméticos y productos de higiene personal que experimentan con animales*. Recuperado de <http://www.ecoosfera.com/2013/04/estas-son-las-marcas-de-cosmeticos-y-productos-de-higiene-personal-que-experimentan-con-animales/>

La Prensa,. (2015). 10 películas que recuerdan el golpe de Pinochet contra Allende. Recuperado de <http://laprensa.peru.com/actualidad/noticia-10-peliculas-que-recuerdan-golpe-pinochet-contra-allende-12496>

Miranda, O. (2013). Diarios que lucharon contra la dictadura. *Diario U Chile*. Recuperado de <http://radio.uchile.cl/2013/09/05/los-periodistas-que-lucharon-contra-la-dictadura>

Noelle-Neumann, E. (2015). *La espiral del silencio Opinión pública: nuestra piel social* (1st ed.). Recuperado de [http://capacitacion.iedf.org.mx/moodle/seminario/lecturas/lecturas/sesion2/La\\_Espiral\\_del\\_Silencio.pdf](http://capacitacion.iedf.org.mx/moodle/seminario/lecturas/lecturas/sesion2/La_Espiral_del_Silencio.pdf)

Ormart, E., Pena, F., Navés, F., & Salomé Lima, N. (2015). *Problemas éticos en la experimentación psicológica. Asch, Milgram y Zimbardo en cuestión*. *Aesthethika.org*. Recuperado de <http://www.aesthethika.org/Problemas-eticos-en-la>

Rojo, P. (2005). *Información y Conocimiento: una Visión del Cambio Social y Tecnológico en La Era Digital*. *Razonypalabra.org.mx*. Recuperado de <http://www.razonypalabra.org.mx/mundo/2005/febrero.html>

YouTube,. (2012). *Jimmy Kimmel Lie Detective*. Recuperado de <https://www.youtube.com/watch?v=KPgpRw9tiuM&feature=youtu.be>

YouTube,. (2015). *Mira cómo WhatsApp puede arruinarte la vida en un instante*. Recuperado de <https://www.youtube.com/watch?v=KDtRckTXR7Q>

## MEMORIAS INDIVIDUAIS

### 2.- Aportacións individuais (3 páx. máx. cada alumna/o)

NAVARRO OTERO, PEDRO 152.H01

#### **2.1.- Aproveitamento individual do traballo. Coñecementos, capacidades e destrezas conseguidas. Aproveitamento lecturas realizadas (non só das LR).**

O traballo de elaboración dos post materializouse nun achegamento a teorías sociolóxicas como as epistemoloxías do sur, ideas hexemónicas, o bo vivir, comunicación para o desenvolvemento, etc. Na realización de comentarios fíxose unha labor de pescuda e investigación ó levar adiante unha búsqueda documental de fontes textuais e audiovisuais diversas. Ademais, adquiríronse coñecementos sobre diversos temas tratados polos nosos compañeiros nos seus post. Por outra banda, a realización dos making of supón unha mellora da nosa destreza filmando, montando e editando vídeos, o simple feito de gravar pezas tendo a idea de como desexamos que sexa o resultado (elaboración dun guión previo) é imprescindible para aforrar horas de traballo.

No relativo as lecturas recomendadas, estas foron a base pola que xurdiron os post individuais e algúns colectivos do grupo polo que volvéronse imprescindibles no traballo do grupo. O dito, achegamento a temas pouco coñecidos, búsqueda de información, contraste, selección. Ademais, en traballos realizados na aula (decálogo, posta en común de textos, etc.) tiveron que cuestionarme as bases teóricas do xornalismo e atopei espazos no mercado da comunicación para o desenvolvemento futuro da miña actividade profesional.

#### **2.2.- Aportación individual á orientación do tema e experiencia da/o alumna/o na organización grupal (posibilidades de mellora do traballo e crítica construtiva do mesmo).**

No grupo había nun inicio pouca organización, basicamente porque non tínhamos moi claro hacia onde orientar o traballo. Ó darnos conta de que o que estábamos facendo non tiña resultados, non había unha resposta (*feedback*), tivemos que cambiar a nosa liña e reestructurar o traballo e a súa fin. Os

grupos de clase tampoco contaron moito co grupo, polo menos no meu caso, e buscaban o seu interese e confortabilidade.

O traballo do grupo non foi perfecto pero houbo unha implicación clara por que fora útil. A mellora pasaría por acordar un maior *feedback* cos compañeiros, unha maior presenza no blog e a realización de máis proxectos audiovisuais que achegasen de forma sinxela a materia.

### **2.3.- Actividades individuais realizadas no traballo e, se de caso, participación en eventos e exercicios na aula, fóra dela e no blog respecto deste traballo e nos temas dos outros grupos.**

De forma individual: realización de post, organización de temas para estos, xestión do BCP, realización do decálogo e filmación e edición de material para os making of *Expectativas do xornalismo* e *Scouts Guía Vasco da Ponte*.

Máis aló da actividade realizada na aula, participei no V Seminario de Xornalismo Social e Cooperación Internacional (cunha duración de 40 horas), levado adiante por Agareso (Asociación Galega de Reporteiros Solidarios) e a ACPD (ONG Asemblea de Cooperación pola Paz), no que tratáronse temas moi ligados á materia de Comunicación Interpersoal e Comunitaria e realizáronse tres pezas xornalísticas de temas como cambio social, inclusión ou diversidade cultural que supuxeron achegarse a membros de asociacións e colectivos. O traballo no seminario estivo moi ligado ó da materia e servíume para comprender o periodismo social, ó traballo directo coa cidadanía e á búsqueda de fontes, o achegamento a asociacións e colectivos significa comprender a súa forma de comunicarse e a súa presenza (ou falta da mesma) nos medios de comunicación tradicionais, así como aprender a forma correcta de tratalos e referencialos nos medios.

### **2.4.- Indique e precise se cre posible desenvolver o traballo realizado nunha actividade futura (TFG, traballos para outra materia, actividade profesional, aportación á sociedade, a movementos ou a grupos,...). Como?. Rendabilidade.**

Ó non traballar cunha asociación, o resultado non é tan periodístico como o do resto de grupos, que polo menos poderían aproveitar o seu material para unha reportaxe. Por outra banda, a lectura dos post do resto de grupos e a

realización de comentarios tamén serven como achegamento a temas descoñecidos ou pouco coñecidos, polo que una base para futuros traballos nesas áreas xa se ten. O traballo do BCP é máis de apoio e axuda, supón aprender a manexarse con outros grupos que teñen os seus propios intereses e a organizarse e xestionar contidos e tempo.

A rendabilidade do traballo realizado está en: o achegamento a conceptos (biopolítica, biopoder, etc.), coñecemento de temas e tratamento de colectivos (polo traballo dos outros grupos) e perfeccionamento de técnicas xornalísticas (documentación, xestión, filmación, montaxe, comunicación).

PEREIRA VILA, JORGE 152.H02

## **2.1.- Aproveitamento individual do traballo. Coñecementos, capacidades e destrezas conseguidas. Aproveitamento lecturas realizadas (non só das LR).**

Foi moi beneficioso darlles un repaso a conceptos e actitudes aprendidas ao longo da carreira, cuxo inicio xa remonta ao 2008, en anos de Licenciatura. O blog é unha boa ferramenta, e tamén un medio, para pór en xogo todo o aprendido. Resulta, polo menos dende a miña experiencia, que gran parte do que fun aprendendo, dentro e fóra da facultade, resultou útil á hora de aportar información e opinións aos compañeiros; iso se é que realmente alguén seguía os consellos de comentarios e posts alleos, claro. Por fin parece que moitas das leccións aprendidas nos 5 anos precedentes facilitan algunha labor formativa máis aló da materia de Teoría da Comunicación, sempre impartida polo “xenial” Manuel Outeiriño: a Escola de Frankfurt con Adorno e Habermas, a espiral do silencio de Noelle-Neumann, a aldea global de McLuhan ou o Informe MacBride. Traballar cun horario e dentro dun calendario de publicacións tamén resulta bastante divertido e instrutivo para tomar contacto cos costumes da vida profesional nas redacción, aínda que moitas veces pode resultar que un queda atascado nunha mesma temática ao longo do tempo. Tamén é ben certo que puiden redescubrir as miñas habilidades de edición e montaxe de vídeos, cun equilibrio entre estética e información, cousa que agradeceréi á hora de realizar futuros proxectos tanto dentro como fóra dos medios de comunicación. Desempear a cámara e volver instalar o Sony Vegas para realizar un traballo orixinal co que quedas medianamente contento é sempre

moi gratificante. O simple feito de volver a sentirse capaz de poder pór a proba as capacidade de creación e de redacción despois de tanto tempo afastado da vida xornalística inspira moita esperanza, pois o futuro é bastante turbio.

Con este optimismo, a miña curiosidade polo campo teórico do xornalismo volveu espertar. Sen embargo nunca deixei de pensar como un xornalista: Sempre queda o instinto de analizar os medios e a forma da mensaxe antes que ter en consideración sequera o contido informativo. Nestas datas de crise xeral o xornalista de medios masivos resulta ser un creador de historias e contidos de entretemento apurado polos contratos de publicidade e os accionistas bolsistas. O comunicador, máis ca un voceiro dos poderosos, debe ser un investigador e unha conexión entre comunidades e os membros das mesmas, facilitando e establecendo unha comunicación horizontal. Hai que preguntarse qué paga máis a pena, se o salario ou os principios humanos da comunicación, a comprensión recíproca e a concordia. É o camiño difícil, sobre todo porque as propias leis deste país dificultan a existencia de medios de comunicación comunitarios.

No que respecta á volta á vida na Facultade: Estivo ben volver a ter contacto coa vida estudantil, aínda que sexa só para meter medo aos novos xornalistas adiantándolles información sobre futuras materias, posibles conflitos con profesores e o corpo administrativo da Universidade, e sinalándome a min mesmo coma o resultado do fracaso da educación e do estado de benestar. Pero isto non vai sobre de min. Volver a ser parte das engrenaxes do alumnado, despois de ter un par de anos para ver mundo, resulta vantaxoso fronte ao estrés, as ansiedades e inexperiencia dos novatos. Pode ser cousa da desidia ou da abulia, pero desta vez pareceume moi fácil participar nos diferentes debates desta e doutras materias, en comparación cos meus anos na Licenciatura. Pode ser que despois de pasar unha certa idade un remate por perder esa modestia e esa cautela excesivas que moitos teñen á hora de aportar a súa opinión. Estes debates, por certo, trataron das seguintes lecturas:

- *Caro diario*, longametraxe dirixida por Nanni Moretti, unha especie de retrato da xeografía, a demografía, as xerarquías e o *zeitgeist* da Italia de principios dos 90.

Aborda temas que se enlazan de forma máis ou menos tanxente co tema da comunicación entre individuos e grupos: a separación de barrios por prezo do solo, as diferentes culturas das comunidades

illadas, as bondades e os males da televisión, desacordos e malentendidos cos médicos, a influencia da cultura popular norteamericana ou a herdanza dada ás novas xeracións.

- *Internet, virtualidad y comunidad*, artigo escrito por Ignacio Siles González. Trata os problemas sociais, filosóficos e semánticos do concepto de 'comunidade' que trae consigo a era das telecomunicacións hipertextuais. ¿Precísase dun espazo físico para crear unha comunicación efectiva de cara ao establecemento de vínculos? ¿As agrupacións do espazo virtual poden chamarse 'comunidades'?

- *¿Qué es la crítica?*, artigo escrito por Judith Butler, en defensa da actitude crítica universal: Pór en dúbida os esquemas e convencións establecidos e cuestionar as estruturas abstractas que configuran o pensamento é un exercicio de pensamento, reflexión e cavilación autoconsciente.

## **2.2.- Aportación individual á orientación do tema e experiencia da/o alumna/o na organización grupal (posibilidades de mellora do traballo e crítica construtiva do mesmo).**

Ao principio, cando apuntabamos a traballar coa Asociación de Altas Capacidades de Galicia (ASAC), situada no Campus Sur, resultou que unha amiga, graduada en Psicoloxía, traballara no centro hai uns anos. A súa axuda e guía podería resultar esencial para poder introducirmos no mundo das altas capacidades. Foi unha mágoa non poder conseguir a firma do o aval para validar a tempo o tema que nos propuxemos ao inicio. Sería interesante coñecer a relación entre investigadores, familiares e medios no ámbito da ASAC. Non insistimos o suficiente ao seu persoal, que claramente estaba a ignorarnos, e agora só podemos especular sobre as nosas pescudas irrealizadas.

Sendo parte do grupo de audiovisuais, cunha maior variedade de temas a tratar e cun énfase na utilización de documentos gráficos e de vídeo, tivemos unha experiencia xeralmente agradable. Pola banda menos harmoniosa houbo moitos entrevistados que esixiron non aparecer diante de cámara, facendo a nosa labor de apoio a outros grupos completamente innecesaria por momentos. A este respecto, o único que teríamos capacidade de mellorar é o noso limitado equipo de gravación, que consta unicamente das nosas propias cámaras e das emprestadas pola facultade. Un bo equipo de son, un trípode para cada un, mellores ferramentas e software

de montaxe, maior capacidade de almacenamento e de procesamento das nosas CPUs e incluso un mínimo de iluminación artificial probarían ser moi útiles para facer un traballo redondo, se non perfecto.

### **2.3.- Actividades individuais realizadas no traballo e, se de caso, participación en eventos e exercicios na aula, fóra dela e no blog respecto deste traballo e nos temas dos outros grupos.**

